



## Concello de Vigo

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **16 de decembro de 2011**, adoptou o seguinte acordo:

**20.- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL. EXPTE. 1063/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 15.12.11, conformado pola concelleira delegada da Área de Contratación, que di o seguinte:

**NORMATIVA APLICABLE:**

*Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).*

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de humanización da rúa Brasil (PCAP).*

**ANTECEDENTES:**

*No curso da licitación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Brasil se constatou a existencia dun erro material no prego de cláusulas administrativas particulares. En concreto, na cláusula 8.B).d das Follas de especificacións do contrato do PCAP, relativa á aportación económica para melloras destinadas ó obxecto da obra que é un dos criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmula fixados. Na fórmula determinada para valorar as mesmas se alteran os factores de numerador e denominador resultando inaplicable, por cuanto outorga unha puntuación superior ó máximo establecido ós licitadores que oferten melloras por debaixo da aportación económica máxima valorable.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de novembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:*

*“28. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL. 1ª FASE. EXPTE. 1063/440 (...) 3º Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexera a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011 (...)”*

*Segundo.- A cláusula 8.B).d das Follas de especificacións do contrato do PCAP, establece como criterio de adxudicación avaliable mediante fórmula a aportación económica para melloras das*

unidades de obra contempladas no proxecto de obra. A mesmas se valoran ata un máximo de 5 (cinco) puntos. Se fixa como fórmula para a súa valoración a seguinte:

$$P=5*Y/X$$

Onde:

*P: puntuación da oferta a considerar.*

*X: importe da oferta de mellora a considerar (solo se valorará un máximo do 5% do tipo de licitación)*

*Y: importe máximo a valorar (máximo 5% do tipo de licitación).*

*No entanto, con esta fórmula a todos os licitadores que oferten melloras por debaixo do tipo máximo, 5% do tipo de licitación, se lle outorgarían máis puntos que os 5 fixados para este criterio.*

*En consecuencia, procedería substituír a fórmula pola seguinte:*

$$P=5*X/Y$$

*Terceiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP.*

*Así, en mérito ó exposto, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*“Rectificar a cláusula 8.B).d das Follas de especificacións do contrato do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de humanización da rúa Brasil, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2011, substituíndo a fórmula incluída na mesma pola seguinte:  $P=5*X/Y$ ”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dezaseis de decembro do ano dous mil once.



V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.